



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Nomeamento de d. Javier Salorio Álvarez para cobertura definitiva, en propiedade mediante sistema de concurso-oposición libre da praza de arquitecto/a técnico/a, vacante, no Concello de Cee (OEP 2023)

RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE ORIXE: 2024/E001/000012.

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000498

ANTECEDENTES:

Visto o decreto de alcaldía nº 775/2024 de data 10/09/2024, pola que se aproban as bases da convocatoria para a cobertura definitiva, en propiedade mediante sistema de concurso-oposición libre dunha praza de arquitecto/a técnico/a, vacante, no concello de Cee. Expediente No: 2024/E001/000012

Considerando que con data 12/06/2025 (Entrada 32714 / RX 1673539) o candidato/a aporta a documentación solicitada.

Visto que con data 19/06/2025 o departamento de persoal informa que a mesma se axusta ás bases da convocatoria e que con data 20/06/2025 a intervención municipal emite informe de fiscalización Contratación cobertura definitiva da praza arquitecto técnico do Concello de Cee.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1- Nomear a JAVIER SALORIO ÁLVAREZ (DNI 7***20**W) para ocupar unha praza de arquitecto/a técnico/a para o desenvolvemento das funcións e tarefas específicas da especialidade profesional correspondente, pertencente o Grupo A, Subgrupo: A2, nivel 24.
- 2- O aspirante nomeado, segundo establece a base *Décimo Primeira. Nomeamento e toma de posesión de prazas de funcionario/a*, deberá tomar posesión dentro do **prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao seu nomeamento**, que será obxecto de publicación no BOP.
- 3- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015"

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 25 de xuño de 2025.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]